

# ENTREVISTA A XOSÉ ALFREDO PEREIRA MARTÍNEZ

## ”PROCURAMOS QUE A VECIÑANZA COMUNEIRA SEXA A PROTAGONISTA DA POSTA EN VALOR DOS MONTES VECIÑAIS”

Por Fins Eirexas\*

Cousa de Raíces reúne a máis de 60 colectivos e entidades nunha campaña en favor da sustentabilidade do monte galego, das nosas árbores autóctonas, e tamén da prevención e erradicación dos incendios forestais. Ao longo dos últimos meses tiveron lugar os preparativos dunha nova iniciativa legislativa popular (ILP) para a protección e mellora dos hábitats de bosque autóctono, a racionalización da xestión do monte e a loita contra os incendios forestais. Como membro promotor da ILP, conversamos con Xosé Alfredo Pereira Martínez, presidente da Organización Galega de Comunidades de Montes (ORGACMM), que forma parte de Cousa de Raíces.

**Cal é a implicación da ORGACMM nesta ILP forestal?**

É unha implicación total, participando na mesma desde un inicio, coa elaboración do texto da proposición. Cómpre resaltar o feito de que catro organizacións como ADEGA, CI-G, FRUGA e ORGACMM, con distintas sensibilidades, fosen capaces de pór en común un texto que marca pautas para levar adiante unha política de montes radicalmente distinta á que está a aplicar o Partido Popular.

**A ILP aborda de xeito directo a problemática dos lumes. Que medidas acolle para diminuír o impacto dos incendios forestais?**

As causas finais dos lumes forestais son de tipo estrutural. Entre estas causas atopamos a desorde do territorio e a falla de xestión das masas arboradas. A ILP formula alternativas a estas dúas causas. De feito,

**As iniciativas da Consellaría do Medio Rural responden a un único obxectivo forestal e á privatización dos montes veciñais en man común**

ordena as plantacións de eucaliptos, propondo a súa erradicación en certas zonas do territorio, como as acollidas a figuras de protección medioambiental, ou a terras agrícolas, por exemplo. E nos lugares susceptibles de plantación desta especie, propón a súa xestión con medidas específicas. Trátase, por exemplo, de regular os marcos de plantación, ou de promover que a produción de eucalipto non se dirixa unicamente a fornecer a Ence. Xa que logo, a ILP ten medidas para a diminución do impacto dos lumes, e tamén propón accións a medio e longo prazo eficaces para vencer os incendios forestais.

**Que influencia ten a xestión do monte e as iniciativas da administración na problemática dos incendios?**

Ante a problemática dos lumes forestais a xestión do monte é peza fundamental. Mais ten que ser unha xestión derivada dunha planificación encamiñada a acadar un monte multifuncional e sustentábel e da implicación da veciñanza comunei- nesa posta en valor. As iniciativas da Consellaría do Medio Rural do Partido Popular van na dirección contraria, xa que responden ao único obxectivo dun monte forestal e á privatización dos montes veciñais en man común. As iniciativas da Consellaría perpetúan que os lumes forestais sigan a ser un problema cíclico no territorio galego.



Xosé Alfredo Pereira, presidente da ORGACMM.

**Como avalía o actual modelo forestal e cales son as propostas da ORGACMM para unha xestión máis sustentábel do monte?**

Convén clarificar unha cuestión, que non é semántica, é política. Os termos “monte” e “forestal” non son sinónimos. É máis, son termos que definen liñas de políticas radicalmente distintas. De feito, a Consellaría do Medio Rural fai política forestal, mais o que non fai é política de montes. Desde a ORGACMM, a posta en valor dos montes veciñais en man común, e dentro a loita contra os lumes forestais, pasa por tres prioridades: Primeira, recoñecer a titularidade veciñal como unha máis,

**A ILP ten medidas para diminuír o impacto dos lumes, mesmo para vencelos**

en pé de igualdade coas titularidades públicas e privadas. Segunda, camiñar de contado cara a un monte veciñal multifuncional e sustentábel. E terceira, posibilitar que a veciñanza comunei- nesa sexa a protagonista da posta en valor dos montes veciñais.